



informa

www.cig-ensino.gal

Centros de reforma xuvenil e protección a Menores

Campaña de recollida de sinaturas polas melloras salariais, laborais e sociais: **Por un Convenio Galego**

Convenio galego XA!

Centros de reforma xuvenil e protección de a menores

SALARIOS DIGNOS



MÁIS RECURSOS



REDUCIR RATIOS



MELLORAS LABORAIS



MELLOR SERVIZO



MAIORES ORZAMENTOS



Nos últimos anos, o persoal dos centros de traballo, privados e de xestión indirecta, que atenden a menores en risco e/ou en conflito social, está a sufrir unha involución drástica das súas condicións salariais, laborais e sociais, derivados das involucións dos contratos-convenios coa Consellería de Política Social, falta de máis recursos nas Leis de Orzamentos da Xunta de Galiza e do Estado Español, dos recortes nas reformas laborais e perda de dereitos continuada en salarios nos últimos convenios de Ámbito Estatal.

Estes recortes e involucións afectan negativamente ás condicións salariais e laborais do seu persoal, algúns deles con conxelacións salariais de case 10 anos; á prestación dun servizo de calidade aos seus usuarios e usuarias, con rateos abusivas doutras épocas e con plantillas moi xustas nas que non se cobren moitas das veces baixas laborais, por vacacións,...; e á supervivencia ou continuidade das entidades que os xestionan, que na súa case totalidade, son entidades

sen ánimo de lucro (Federacións, Asociacións,...) e que non poden facer fronte a estas necesidades do sector.

Algunhas consecuencias de todo isto:

- Conxelacións das nóminas do persoal e acumulación de perdas de poder adquisitivo de dous dñixitos.

Hai situacións de traballadores/as con case unha década co salario conxelado, así como a gran maioría con incrementos salariais anuais por debaixo do IPC.

- Modificacións substanciais nas condicións de traballo, cada vez con máis carga laboral e responsabilidades, dificultando as conciliacións laborais e familiares do persoal traballador.

- Endebedamento ou busca de recursos dalgúns Asociacións que xestionan este servizo.

- Incumprimento de rateos para prestar o servizo con garantías de calidade. Débese modificar o Real Decreto 329 / 2005, o cal non se axusta ás necesidades dos servizos. Na práctica o nº de usuarios/as menores por traballador/a, supera a rateo establecida ao non computala polas actividades feitas para unha inserción adecuada (formación, talleres pre-laborais, asistencia sanitaria,..) e unha intervención individualizada atendendo aos perfiles dos menores (P.P.S., situacións de inestabilidade,...).

- Instalacións en mal estado por falta de mantemento, así como medios de transporte.

- Escasos recursos materiais e humanos, que limitan actividades do día a día e complementarias.

- Carencia de servizos complementarios, tan básicos como a alimentación.

Dende a CIG-Ensino, como sindicato maioritario na Galiza neste sector de atención a menores, en asemblea de delegados/as, decidiu levar a cabo esta campaña reivindicativa de sinaturas coa finalidade de avanzar cara uns servizos públicos galegos de calidade na atención aos menores, cunhas condicións salariais e laborais dignas para todo o persoal traballador, recollidas nun I Convenio Galego de Menores.

Táboa reivindicativa

• Esiximos que a Xunta de Galiza asuma na súa totalidade a xestión dos servizos destes centros, como centros públicos para todos os efectos, e o mantemento dos postos de traballo do persoal actual.

• Mentres isto non se leve a cabo, demandamos o incremento das partidas orzamentarias para o sector e que os centros reciban as subvencións necesarias para prestar o servizo cun mínimo de calidade, mellorar a

situación dos usuarios e usuarias e as condicións de traballo do persoal: dereitos salariais, laborais e sociais. Así mesmo, que a Administración galega poña en marcha os mecanismos necesarios para facer un seguimento das subvencións recibidas por este tipo de centros.

• Denunciamos as condicións precarias que sofren os traballadores e traballadoras dos centros galegos afectados polo IV Convenio colectivo estatal de reforma xuvenil e protección de menores, e que esta administración toma como referencia de cara aos pregos de licitación destes servizos (dándose situacións de conxelacións salariais e de dereitos de ate case 10 anos) . Esta precariedade laboral conduce a un deterioro da calidade dun servizo que debería procurar a mellora dos seus recursos materiais e humanos, en vez de centrarse en criterios economicistas e mercantilistas. Esiximos modificar e actualizar por obsoleto o decreto 329/2005, para axustar as rateos ás necesidades reais dos servizos.

• Rexeitamos o actual convenio estatal, xa que as súas condicións impiden que os traballadores e traballadoras poidan realizar o seu labor dun xeito digno. Consideramos que non se están a ter en conta as características específicas destes centros na Galiza nin, consecuentemente, as condicións laborais propias dos traballadores e traballadoras galegas que ven así limitada a súa capacidade de influír no proceso negociador.

• Dado que as competencias sobre as subvencións coas que se financian estes centros están transferidas á Xunta de Galiza, demandamos da Consellería de Política Social a súa implicación e colaboración para o inicio dunhas negociacións nas que participen as patronais do sector (maioritariamente asociacións e fundacións sen ánimo de lucro) e as organizacións sindicais, en función da súa representatividade, que nos permitan acadar un convenio galego digno para o sector (como xa teñen noutras CCAA como Valencia, Navarra,...), que mellore substancialmente as condicións laborais, sociais e salariais recollidas no convenio estatal e por conseguinte o financiamento destes centros.

• Estamos dispostos e dispostas a iniciar un proceso de mobilizacións para esixir o cumprimento destas demandas.

Participa coa CIG-Ensino na defensa dos teus dereitos salariais, laborais e sociais, así como por un servizo público de atención aos menores de calidade.